



AVOZ DO TÉCNICO



FERNANDO NÚÑEZ
Caussade Semillas

Que obxectivos perseguen os gandeiros co cultivo de millo para a alimentación dos seus animais?

Os gandeiros buscan a maior rendibilidade na súa explotación e o millo é un produto que nos vai dar un gran rendemento en moi pouco tempo. Desde maio ata outubro estamos a conseguir sobre 40 t de materia fresca dun alimento moi enerxético para os nosos animais e, ademais, moi rendible.

Que produción mínima por hectárea se debe conseguir para que o millo sexa un cultivo rendible?

A produción mínima está estimada entre 25 e 27 toneladas por hectárea, aínda que todo depende dos gastos. Moitas veces pecamos en aforrar fertilizante e iso vainos facer perder produción e aumentar os custos. Se temos un custo aproximado de 1.300 €/ha, pódenos saír a tonelada desde os 25 ata os 50 euros, é dicir, se temos unha produción de 50 t/ha, pódenos saír a hectárea en 25 euros; porén, se nos imos a 25 t/ha, xa estamos en 50 euros, co cal case nos interesa máis comprar o produto directamente.

Que tipo de variedades aconsella utilizar?

A variedade que debemos utilizar é aquela que nos achegue unha gran produción de gran, xa que esta vai supor o 50 % da materia seca, aproximadamente. Sempre que metamos máis gran no noso silo imos aumentar a cantidade de materia seca e imos reducir as fibras, o que nos achegará unha maior dixestibilidade.

Criterios a ter en conta para conseguir unha boa sementeira do millo

Un ano máis, falamos con técnicos de casas comerciais e empresas distribuidoras de sementes de millo e de fertilizantes sobre cuestións a ter en conta para conseguir producións óptimas e evitar problemas coa recollida, coma os acontecidos o ano pasado nalgúns zonas de Galicia, da cornixa cantábrica e de Portugal. Tamén abordamos a posible necesidade da aposta por sistemas de rega en Galicia e na cornixa e as opcións existentes para loitar contra os ataques da fauna silvestre.



Unha variedade tamén debe tolerar ben as enfermidades. Aquí en Galicia hai moitas diferenzas dunhas zonas a outras, pero, en xeral, pola humidade e as temperaturas que pode haber, sempre tende a haber certas enfermidades foliares e de talo, entón a sanidade vexetal é moi importante.

Logo temos a rusticidade. Unha variedade que se adapta ben a todo tipo de chans vains dar un bo *stay-green*, o que nos permite recoller un produto maduro, coa mazaroca feita, pero coa planta verde.

Existen xa variedades adaptadas ao novo contexto edafoclimático?

Si. A xenética, tanto vexetal como animal, avanzou moito durante os últimos anos para adaptarse ás condicións actuais. Hoxe en día existe unha amplitude de variedades que se poden aproveitar en todo tipo de condicións e contextos, coma o de anos moito máis variables climatologicamente, onde nos podemos atopar con algúns moi calorosos que ocasionan grandes estreses hídricos nas plantas.

Cal é a época idónea para a sementeira?

A época idónea depende, sobre todo, da climatoloxía, que fai que as zonas sexan moi distintas, e da temperatura do chan. Para xerminar, o millo necesita entre 10 e 12 °C. Se non temos esa temperatura, o gran vai estar na terra durante moito tempo e iso pódenos carrexar problemas de pragas, de asolagamentos e, en definitiva, unha xerminación e un desenvolvemento inadecuados.

Para min unha época boa sería a primeira quincena de maio, porque a partir da segunda xa imos perder produción de gran. Está estimado que cada semana que pasa a partir do día 15 téndese a perder ao redor dunha tonelada de gran.

Se continúa a tendencia climatolóxica actual, procede empezar a pensar na instalación de sistemas de rega?

Si que se podería pensar niso, pero o que eu buscaría, en principio, sería seleccionar as fincas, xa que en Galicia hai moitas que non están para producir millo pola súa baixa rendibilidade. Despois, se optamos por un sistema de rega, habería que ver os custos desa instalación para saber en canto nos vai saír, en realidade, unha tonelada de millo.

Ademais, a Administración tamén debería ter en conta todos os terreos abandonados que existen con sistema de regadío, que poderían ser aproveitados por gandeiros, empresas e cooperativas para producir un millo de calidade para moitas explotacións. ►►

¡Abre bien los ojos!



No todos los fertilizantes nitrogenados son iguales.

Numerosos estudios de I+D han demostrado que la menor pérdida de nitrógeno se consigue con la aportación de un **equilibrio perfecto en nitrógeno y magnesio** lo que se traduce en mayor proteína y cantidad de forraje.

Fertimón ha conseguido con **NITROFERTIMON**, ese equilibrio a un nivel que no aporta ningún otro fertilizante.



GRUPO
SOAGA

Parque Empresarial Vilanova I
36614 Baion - Vilanova de Arousa (Pontevedra)
Tf. 986 51 60 30 - soaga@soaga.com
www.soaga.com



GUSTAVO GARCÍA
Limagrain Ibérica

Que produción mínima por hectárea se debe conseguir para que o millo sexa un cultivo rendible?

A produción mínima depende do que custe producir a hectárea. Cos custos medios que temos na cornixa, estamos a falar dun mínimo de 10-12 t de MS/ha, unhas 35-40 t en verde, para que sexa rendible. A partir de aí a rendibilidade está moi axustada, porque cando producimos menos adoita ser de mala calidade, con pouco amidón, fibras altas, seco... entón, á parte de pouco, adoita ser malo.

Que criterios se deben ter en conta á hora de escoller un determinado ciclo de millo para evitar problemas de recollida?

Moitas veces, cando sementamos o millo, optamos polo ciclo máis longo posible para tentar sacar máis quilos, pero non sempre é o adecuado, porque se o alongamos moito e veñen veráns máis fríos ou sementamos moi tarde, ao final metémonos en outubro, ou en novembro incluso, para a recolección, como ocorreu este ano, e temos moito risco de que non haxa colleita, ademais de que adoitamos cultivar con máis humidade, con menos amidón... Por tanto, eu recomendo axustar sempre o ciclo á data de sementeira e á zona. Tamén hai que pensar na data de recolección, porque, se queres sementar unha pradeira despois, sabes que entre finais de setembro e principios de outubro tes que ter ensilado.

Que tipo de variedades aconsella utilizar?

En Limagrain Ibérica estamos a buscar variedades que sexan máis rústicas e tolerantes ao estrés hídrico. Neste sentido, o ano pasado lanzamos variedades que, mediante selección xenética, aguantan mellor a falta de auga.

Cal é a época idónea para a sementeira?

Normalmente na zona norte vai desde mediados de abril ata finais de maio, pero é necesario ter unha temperatura do chan adecuada, porque hai veces que a mediados de abril non a hai. Débense buscar, polo menos, 10-12 °C no terreo e que se garantan esas condicións unha semana ou dúas para que haxa unha boa xerminación.

Se continúa a tendencia climatolóxica actual, procede empezar a pensar na instalación de sistemas de rega?

Eu creo que si. Neste sentido estanse a facer ensaios sobre regas puntuais de apoio, porque na cornixa temos moita auga, pero pouca capacidade de regadura para ese potencial que temos e hai épocas no verán que igual cunha rega ou dúas garantiríamos o cultivo do millo. Eu creo que en moitos sitios sería viable facer regas con canón ou mesmo por goteo. Unha das limitacións é o tamaño das parcelas, pero en gran parte delas si se podería facer unha rega de apoio.

Que alternativas existen para facerlles fronte aos ataques da fauna salvaxe?

Para controlar os ataques de paxaros na sementeira estábanse utilizando repelentes químicos que se están prohibindo, así que agora estase a traballar en repelentes biolóxicos e en cultivos complementarios. Por exemplo, sementar millo con chícharo, xa que os corvos atacan o chícharo e deixan o millo. Outro problema, para min aínda máis grave, é o xabaril. Nalgunhas parcelas probouse a sementar xirasol ou sorgo nos bordos, xa que estes non son tan apreciados polo xabaril e así poderíase evitar que se meta nas parcelas. Hai xente que di que funcionou ben, pero cando a presión de xabaráis é demasiado alta é complicado. Tamén creo que é importante que haxa un control da fauna cinexética por parte das autoridades para que poidan convivir animais con agricultores e gandeiros.



MARCOS GARCÍA
Dekalb

Que produción mínima por hectárea se debe conseguir para que o millo sexa un cultivo rendible?

O custo medio estipulado para unha hectárea de millo adoita estar ao redor dos 1.200 euros. A isto súmaselle o custo de oportunidade do propio chan, que podemos fixar nuns 100 ou 200 euros, así coma un custo por tonelada de materia seca duns 40 ou 45 euros. Con estes valores imos determinar que os kg de MS/ha estarían ao redor dos 30.000, aínda que todo isto é moi relativo, xa que non é o mesmo meter 30.000 kg cun 40 % de MS que 30.000 quilos cun 25 %.

Que criterios se deben ter en conta á hora de escoller un determinado ciclo de millo para evitar problemas de recollida?

En principio temos que falar da integral térmica, é dicir, temos que facer o sumatorio de temperaturas que temos desde que sementamos o millo ata a súa madurez fisiolóxica. Isto, á súa vez, vai depender da altitude e da data de sementeira. Con respecto aos ciclos, sabemos que van desde un ciclo 200 ata un ciclo 1.000 e que van variando, en función do sumatorio de temperaturas, desde os 85 días ata os 160.

A tendencia actual é introducir ciclos máis longos, porque nos proporcionan maior produción, maior vistosidade e maior *stay-green*, aínda que nunca debemos comprometer a madurez do millo. O ano pasado, mesmamente, recolléronse sementas moi tardías que tiveron problemas debido ao mal tempo e incluso houbo sitios onde non se puido recoller. Por tanto, escoller un ciclo moi

longo ao final pódenos facer meter nas nosas graxas un millo cun 25 % de materia seca respecto dun 40 %.

Que tipo de variedades aconsella utilizar?

O primeiro criterio a ter en conta é a sanidade, isto é, a resistencia dos híbridos aos dous principais fungos que existen na cornixa cantábrica, o *Helminthosporium* e a *roya*. O segundo criterio é o *stay-green*, é dicir, debemos meter un híbrido que se manteña verde ata practicamente a colleita. Outro criterio a considerar é o da dixestibilidade. A día de hoxe, o que estamos a buscar é a dixestibilidade da fibra ás 30 horas, ás 120 horas e ás 240 horas. Tamén interesa saber a degradación que presenta o amidón no rume dos animais ás sete horas e, por último, hai que falar da porcentaxe de amidón que se degrada por cada hora.

Se continúa a tendencia climatolóxica actual, procede empezar a pensar na instalación de sistemas de rega?

Nalgunhas graxas poderíase pensar que si, pero en Galicia temos que ter en conta a dispersión das fincas e a distancia existente, moitas veces, entre as explotacións e as fincas onde temos os cultivos, co cal habería que mellorar a organización do territorio.

Que alternativas existen para facerlles fronte aos ataques da fauna salvaxe?

Temos a mestura con outros cultivos, coma o sorgo ou o xirasol, e, se os ataques de fauna silvestre son moi severos, mesmo habería que pensar en introducir unicamente estes cultivos en determinadas parcelas, aínda que o rendemento e a rendibilidade sexan moito menores.

Tamén podemos pensar na utilización de prácticas agronómicas que poderían disuadir un pouco o ataque de aves ou, incluso, do xabaril, por exemplo, variar a profundidade de sementeira. No entanto, a minimización dos ataques radica, a día de hoxe, na utilización de compostos biolóxicos ou orgánicos cos que se están tratando as sementes, que presentan unha diferenza de sabor ou de olor que vai provocar certa apatía da fauna silvestre.

Á parte destes compostos, existen bioestimulantes que melloran a vigorosidade da nacementa do millo e, por tanto, reducen o tempo onde vai ser máis vulnerable a estes ataques.



IGNACIO DELGADO
Fertinagro

Cales son os consellos básicos de fertilización para o millo?

A fertilización racional que deberemos facer sempre é aquela que lle achegue ao cultivo os nutrientes que precisa no momento adecuado e, ao mesmo tempo, nos axude a manter a riqueza biolóxica do chan.

Comezaremos co uso das diferentes fontes propias da explotación (estercos, xurros...), sempre cun bo manexo, para aproveitálas ao máximo, e despois realizaremos as incorporacións de nutrientes complementarios ata cubrir as necesidades. Tamén se debe realizar unha corrección previa dos niveis de pH e de fósforo se fose necesaria, preferiblemente no outono.

No momento de sementeira utilizaremos un microgranulado localizado para favorecer o enraizamento e o arranque do cultivo e un complexo de produción ou un nitroxenado en fondo, sempre con unidades protexidas, para mellorar a súa eficiencia evitando perdas e contaminación.

Débeselle prestar especial atención á presenza de micronutrientes necesarios e limitantes na produción (Zn, Mg, Mn...) nas formulacións granuladas que utilizemos, dado que sen eles non conseguiremos que a planta poida expresar todo o seu potencial xenético.

Como saber que carencias ten o cultivo e fertilizar en consecuencia?

Debemos basearnos nunha análise do chan para cubrir as necesidades do cultivo coas anteriores combinacións e, deste xeito, poderemos conseguir boas producións da maneira máis rendible.



DAVID CASTELLANOS
Semillas Fitó

Que obxectivos perseguen os gandeiros co cultivo de millo para a alimentación dos seus animais?

O millo é unha forraxe de alta calidade polo seu valor enerxético, a súa palatabilidade e a súa conservación moi duradeira. Todo isto, unido a que tentamos abaratar custos para facer máis rendible a produción, fai que o millo sexa considerado neste momento un dos cultivos máis importantes dentro da explotación.

Que produción mínima por hectárea se debe conseguir para que o millo sexa un cultivo rendible?

Podemos marcar un intervalo entre 25 e 30 t/ha en verde. Por encima de 30 t podemos considerar que a colleita foi rendible; entre 25 e 30 t, se as calidades son boas, pode pasar, e xa por baixo de 25 t haberá que considerar outras alternativas se esta situación se produce varios anos consecutivos.

Que criterios se deben ter en conta á hora de escoller un determinado ciclo de millo para evitar problemas de recollida?

Eu sempre falo de que hai tres criterios. O primeiro é a gradiente térmica que, en función da zona, será máis grande ou máis pequena, e que hai que encaixar coa gradiente da variedade. Esta, á súa vez, vai estar influída polas datas de sementeira e de recollida. A data de sementeira variará, porque a primavera é así e ás veces o clima impídenos sementar nunha data determinada. O que si é importante é fixar unha data de recollida e non esperar a se o ano foi bo ou malo. Desta maneira tamén podemos organizar mellor os traballos e asegurarnos ▶▶

de que imos dispor de máquinas no momento do picado. Hai que ter en conta que, se nos atrasamos unha semana na sementeira, a recollida se aprazará uns 10 ou 15 días, incluso máis; entón haberá que reaxustar o ciclo, porque é moi importante esa data de recollida. Se non temos isto en conta, pódennos suceder cousas como as que ocorreron o ano pasado, que chegue o outono, que empece a chover e que, por desgraza, a colleita quede na terra.

Cal é a época idónea para a sementeira?

O millo seméntase na primavera, pero dentro dese período hai que buscar o momento no que a terra estea no mellor tempero, é dicir, cunha temperatura de 12-13 °C e cunha humidade adecuada. Tamén nos temos que fixar en que a partir do día da sementeira a predición do tempo sexa benévola, que non veña frío nin choivas para que non se atrase ou mesmo se comprometa a xerminación.

Se continúa a tendencia climatolóxica actual, procede empezar a pensar na instalación de sistemas de rega?

O natural é dicir que si, porque cun apoio de rega aumentamos a rendibilidade, o rendemento e a calidade da colleita. Con todo, existe unha normativa de augas continentais bastante complexa que pode impedir a instalación de rega en determinados sitios. Ademais, habería que analizar parcela por parcela se sería rendible, xa que é un investimento importante e habería que ver se merece a pena.

Que alternativas existen para facerlles fronte aos ataques da fauna salvaxe?

A pregunta do millón, porque, neste momento, se non hai algún tipo de produto repelente que vaia incorporado á semente, a sementeira faise practicamente inviable. No caso de animais que veñen pola terra, coma o xabaril, outra alternativa sería pechar a finca, pero hai outros que veñen voando e entón é imposible. Se falamos dos ataques a finais de ciclo, algo que pode axudar é a inserción alta da mazaroca. Iso fai que ao xabaril lle pase un pouco desapercibida, pero, en contrapartida, a inserción máis alta pode favorecer que o millo encame ou se parta se hai vento.



DAVID MILLÁN
Syngenta

Que obxectivos perseguen os gandeiros co cultivo de millo para a alimentación dos seus animais?

O obxectivo principal é o volume, poder fornecerlle alimento ao gando durante o maior tempo posible, pero non menos importante é que se sexa un alimento de calidade, eficiente e rendible.

Que criterios se deben ter en conta á hora de escoller un determinado ciclo de millo para evitar problemas de recollida?

A integral térmica debería ser o factor a ter en conta á hora de elixir o ciclo que necesitamos para sementar. Outra cousa é a posición de risco que o gandeiro ou o agricultor adoitan tomar, xa que, normalmente, se asocia un maior ciclo a unha maior produción, aínda que non sempre é así, pois arriscámonos a ter unha maior perda que o beneficio que poidamos conseguir.

O ciclo ideal depende da zona. Na cornixa, por exemplo, en zonas costeiras temos máis temperatura e humidade e podemos ir a ciclos máis longos. De feito, podes atopar ciclos 700... e iso que, cando dis que no norte usas ciclos 700, adoita estrañar un pouco. En cambio, se vas a zonas do interior, en Lugo por exemplo, sementar a máis de 300 é arriscado.

Que tipo de variedade aconsella utilizar?

Eu sempre defendín que o que é bo en gran é bo en silo, xa que a metade da produción está na mazaroca. Buscamos a mellor xenética co maior potencial produtivo que poidamos atopar, así que, simplemente, un híbrido que sexa realmente produtivo. Hai outros factores que temos que ter en conta. Por exem-

plo, volvendo a Galicia e á cornixa, é moi importante a tolerancia a certas enfermidades, así coma un bo vigor inicial.

Existen xa variedades adaptadas ao novo contexto edafoclimático?

Si. A nivel xenético estanse buscando variedades máis adaptadas; non só millo, senón tamén outros cultivos. Polo que se refire a Syngenta, hai uns anos lanzamos a marca Artesian, na que se etiquetan híbridos que superan certas probas de estrés hídrico ás que os sometemos. Esta sería unha tecnoloxía, por exemplo, que vai enfocada a adaptarse ao cambio climático.

Se continúa a tendencia climatolóxica actual, procede empezar a pensar na instalación de sistemas de rega?

Sería un salto cuantitativo. De feito, tedes unha pequena zona en Lugo que ten a posibilidade de sistema de rega; un sistema un pouco precario, rega ao pé, pero existe. En cambio, tedes os veciños de Portugal en situacións similares e alí é moi habitual ver os canóns de rega; de feito, adoitan compararse de forma positiva cos gandeiros galegos, pois son capaces de duplicar a súa colleita, simplemente, porque regan. Eu creo que sería algo positivo. Outra cousa é no que se refire aos investimentos, como manexar ese tema, pero ter o apoio dunha rega, seguro que sería un avance.



ÓSCAR LANZACO
Rocalba

Que obxectivos perseguen os gandeiros co cultivo de millo para a alimentación dos seus animais?

O obxectivo principal é a autonomía forraxeira durante todo o ano. Tamén se trata de dispor dunha forraxe de ►►

CALIZA AGRÍCOLA CALIZA MAGNESIANA

O millo e as praderías precisan de pH próximos á neutralidade. Tanto a caliza agrícola coma a magnesiana que ofrece Calfensa axudan a corrixi-los acidéz dos nosos solos, evitando a toxicidade do aluminio e favorecendo a asimilación do fósforo. Así mesmo, melloran a súa estrutura, aumentando a aireación e a drenaxe.

A caliza de Calfensa provén de calcita que, unha vez móida, é de efecto máis rápido que a proveniente de dolomita.

Grazas á finura de moenda coa que traballa Calfensa, os seus produtos son altamente solubles. Rápida acción dificilmente superable por outras calizas menos móidas ou granuladas.

A diferenza do cal vivo, a caliza de Calfensa non é agresiva, non produce queimaduras, o que facilita a súa manipulación, sendo, do mesmo xeito, respectuosa cos microorganismos beneficiosos do solo.

Dado que se trata dun produto extraído directamente da terra, non produce efectos negativos para o medio, sendo recoñecido polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica.

AENOR certifica os sistemas de Xestión de Calidade, Medio Ambiente e Seguridade e Saúde no Traballo de Calfensa.

CALIZA AGRÍCOLA NOVO SISTEMA DE ESTENDIDO CALIZA MAGNESIANA



a calfensa

a caliza da túa terra®

Novo produto granulado

Corrección de pH e aporte de Magnesio



MODALIDADES DE SERVIZO



APLICADO SOBRE O TERREO



A GRANEL



SACO DE 25 KG



BIG BAG DE 1.000 KG

Ctra. Lugo - Sarria LU-546 km 2 · 27161 Santa Comba (LUGO)
info@calfensa.com · www.calfensa.com

982 305 902



calidade cunha elevada carga enerxética, que lle permita unha transformación de quilos inxeridos en leite e unha inxestión interesantes. Estas características danse con poucos cultivos, por tanto, resulta de difícil substitución.

Que produción mínima por hectárea se debe conseguir para que o millo sexa un cultivo rendible?

Tendo os custos medios por hectárea, teríamos que falar duns rendementos superiores ás 45 t de materia verde por hectárea, cun contido de materia seca do 32 %.

Que criterios se deben ter en conta á hora de escoller un determinado ciclo de millo para evitar problemas de recollida?

O ano pasado foi un pouco excepcional: tivemos choivas moi abundantes ata ben entrado maio, o cal atrasou a data de sementeira, e a entrada de borrascas con choivas abundantes ao final do ciclo impediu que se puidese cultivar no momento óptimo, coa calidade adecuada.

Sempre debemos ter en conta a data de sementeira, que nos vai condicionar o ciclo e, por tanto, a mellor variedade adaptada a un óptimo tanto de cantidade como de calidade. Nas zonas de interior teríamonos que esquecer de ciclos 400 e superiores e nas zonas costeiras, os ciclos 500 serían os máximos para obter unha colleita cunha óptima calidade.

Cal é a época idónea para a sementeira?

Hai unha regra de ouro: unha vez superados os 10 °C de media no chan a unha profundidade duns 5 cm durante 3-4 días, entrariamos no período adecuado para iniciar a sementeira. Isto, en determinadas zonas e anos, pode pasar a partir do 15 de marzo, pero, como norma xeral, poderíase empezar a sementar desde o 15 de abril. Esta data tamén virá condicionada polo cultivo precedente e pola rotación que teña a explotación.

Se continúa a tendencia climatolóxica actual, procede empezar a pensar na instalación de sistemas de rega?

O sistema de rega sempre é rendible e recomendable a longo prazo, o que pasa é que moitas veces non depende do agricultor que a implementación da rega sexa rendible, senón das estruturas de subministración e de concentración parcelaria. Non teño dúbidas de que ese será un dos cabalos de batalla dos próximos anos.

Que alternativas existen para facerlles fronte aos ataques da fauna salvaxe?

Existen tratamentos que son un pouco máis paliativos que curativos, porque os que eran máis efectivos foron borrados do catálogo. Contra paxaros aínda hai algún produto efectivo, pero contra o xabaril, desgraciadamente, estamos á espera. Parece ser que se está investigando e poida que algo saia ao mercado, pero, neste momento, é falar dun futuro esperemos que próximo.



NEMESIO GARCÍA
Fertiberia TECH

Cales son os consellos básicos de fertilización para o millo?

Desde Fertiberia TECH recomendamos partir dunha mostra de chan para ver de onde partimos, facer unha estimación da materia orgánica (vía xurro ou esterco) que imos achegar e, en función diso, elixir o fertilizante que máis se adapte.

Debemos ter en conta a variedade e o ciclo que imos sementar, así como a densidade da planta e a capacidade de cada parcela, dado que a maior capacidade produtiva, máis fertilizante teremos que aplicar.

Debemos optar por fertilizantes protexidos con polímeros reguladores de nutrientes, que nos garantan o nitróxeno e demais nutrientes que precisamos ata final de ciclo e que sexan benéficos e respectuosos co medio ambiente. Cómpre pensar sempre en cantidades idóneas de nitróxeno, fósforo e potasio, sen esquecer o xofre, tan necesario para o millo.

Como saber que carencias ten o cultivo e fertilizar en consecuencia?

Na cornixa cantábrica, o millo non adoita presentar carencias como tales. No entanto, debemos prestarlle atención ao encalado, posto que os chans acedos teñen un pH baixo e ausencia de calcio, que nos mingua a produción.

Desde Fertiberia TECH recomendamos facer un encalado previo na pradería, se está implantada, ou no momento da sementeira, sempre cunha emenda granulada, con boa relación Ca/Mg e con subministración extra de nitróxeno.

Outra carencia que adoita aparecer é a de fósforo, aínda que en moitas ocasións non é unha carencia tal cal, senón que a planta ten imposibilidade de tomar fósforo por algún tipo de estrés biótico ou abiótico (insectos, frío, humidade...). Neste caso recomendamos a aplicación vía foliar cos tratamentos fitosanitarios dun fertilizante de alto rendimento, con base nas algas mariñas concentradas, que actúa como multicarenal, rexenerante celular rápido e protector fronte ao estrés que ten o millo e que pode provocar o tratamento fitosanitario.



SANTIAGO FELIZIA
KWS

Que obxectivos perseguen os gandeiros co cultivo de millo para a alimentación dos seus animais?

O millo silo é o principal alimento das vacas leiteiras en todo o mundo e nas granxas búscase maximizar a produción de enerxía e a dixestibilidade por hectárea.

Que produción mínima por hectárea se debe conseguir para que o millo sexa un cultivo rendible?

A resposta depende moito da análise de custos que obteña cada granxa. O que si podo dicir é que o millo silo é o ►►



Balsas MN é unha empresa localizada na zona centro de Galicia dedicada á fabricación e montaxe de balsas para almacenamento de auga, xurros, lodos e todo tipo de residuos, así como estanques, lagos, encoros artificiais e impermeabilización de vertedoiros, terrazas, cubertas, canles de rego etc. Para iso contamos cunha ampla gama de materiais en polietileno e PVC.

Debido á nosa situación xeográfica, ao coñecemento da actividade agrícola e gandeira e aos cambios nas políticas medioambientais especializámonos na construción de balsas de polietileno para o almacenamento de xurro, tanto de balsas novas como de zanzas que está sendo obrigatorio impermeabilizar.

As vantaxes deste tipo de balsas con respecto ás fosas tradicionais son innumerables:

- RAPIDEZ DE INSTALACIÓN (1-2 DÍAS).
- REDUCCIÓN DE ATA A TERCEIRA PARTE DO CUSTO RESPECTO DUNHA FOSA TRADICIONAL, O QUE QUERE DICIR QUE O MESMO INVESTIMENTO PERMITE CUBICAR O TRIPLO DE CAPACIDADE, PERMITINDO, POLO TANTO, ALMACENAR PURÍN E ABONO ORGÁNICO, INCLUSO DE FÓRA DA EXPLOTACIÓN, PARA AS ÉPOCAS DE ABONADO, CO CORRESPONDENTE AFORRO E ME-
- LLORA DA ESTRUCTURA DO SOLO.
- PERMITE UN CRECEMENTO DA EXPLOTACIÓN MÁIS FLEXIBLE, XA QUE EN 2-3 DÍAS SE PODE FACER UNHA AMPLIACIÓN DA Balsa A UN CUSTO REDUCIDO.
- CONSECUENTE CO IMPACTO AMBIENTAL, XA QUE PODE SER DESMONTADA CON FACILIDADE, O QUE PERMITIRÍA UN CAMBIO DE LOCALIZACIÓN CUN CUSTO MÍNIMO.

Dispoñemos tamén dun enxeñeiro técnico agrícola dedicado ao deseño e situación das balsas e tamén á tramitación de subvencións se fose necesario.



Posibilidade de recubrilas con estrutura metálica e lona



- BALSAS PARA ALMACENAMENTO DE XURROS, AUGA, LODOS, RESIDUOS...
- ESTANQUES, LAGOS E ENCOROS ARTIFICIAIS, CANLES DE REGO...
- IMPERMEABILIZACIÓN DE VERTEDOIROS, TERRAZAS, CUBERTAS, FACHADAS...
- DISTRIBUIDORES DE DEPÓSITOS DE ALMACENAMENTO DE AUGA DE ATA 500 M³
- SUBVENCIONADAS POLA XUNTA DE GALICIA
- DENDE UN CÉNTIMO POR LITRO
- RAPIDEZ DE INSTALACIÓN (1-2 DÍAS)
- AMORTIZABLE ATA EN 3,5 ANOS

NECESIDADES CULTIVO PARA 15 T DE MS/HA DE PRODUCCIÓN		PLAN DE ABONADO ELIXIDO PARA CUBRIR NECESIDADES DE CULTIVO			
		600 quilos de triple 15 200 quilos de urea 46% 300 quilos de cloruro potásico	40.000 litros de xurro vaca 600 quilos de triple 15 100 quilos de urea 46%	40.000 litros de xurro vaca 600 quilos de 22/7/6 (especial millo)	80.000 litros de xurro vaca 300 quilos de 20/12/8 (especial millo)
NITRÓXENO	195 UF de N	195	195	195	195
FÓSFORO	90 UF de P2O5	90	126	108	102
POTASIO	225 UF de K2O	225	260	225	360
Custo abonado por ha (sen labores)		377,00 €/ha	258,00 €/ha	205,00 €/ha	84,00 €/ha
Aforro en euros por ha con utilización de xurro con respecto a abono típico(600 quilos de triple 15 e 100 quilos de urea)		175 €/ha			
AFORRO PARA SUPOSTO 10 HA		1750 €			
Anos para amortizar balsa xurro de 800 m ³		3,5 anos			

- O cálculo da amortización estimado para unha balsa de 800 m³ faise con prezos de mercado de abonados nos que non se ten en conta unha posible subida dada polo incremento de prezo do petróleo.
- Deste xeito, unha subida no prezo do petróleo trae consigo que o período de amortización se reducirá considerablemete ata 2,5 ou 3 anos.

Telf: 609 379 636 | www.balsasmn.es | e-mail: balsasmn@gmail.com

alimento máis barato para os gandeiros, en quilos de materia seca dixestible por hectárea, pero require igualmente dun investimento moi importante. Sen dúbida, debemos maximizar os rendementos, non só do cultivo agronómico, senón tamén no momento da confección, do almacenamento e da subministración, para que achegue unha redución nos custos de alimentación e un incremento na rendibilidade da produción leiteira.

Que criterios se deben ter en conta á hora de escoller un determinado ciclo de millo para evitar problemas de recollida?

O ciclo é moi importante. En Galicia hai unha tendencia a utilizar ciclos cada vez máis longos, buscando unha maior produción. Porén, o ano pasado quedaron parcelas sen poder levantarse, nas que se perdeu todo o millo. Creo que é fundamental ter claro o momento de sementeira, buscar cobertura en canto aos tempos e, moitas veces, seleccionar un ciclo un pouco máis curto para asegurarnos un produto de boa calidade, aínda que a produción non sexa tan grande.

Existen xa variedades adaptadas ao novo contexto edafoclimático?

Si. Desde KWS estase a traballar moitísimo neste novo escenario que nos presenta o cambio climático. Buscamos variedades que teñan mellor tolerancia a enfermidades, sobre todo de folla, mellor *stay-green* e maior tolerancia á seca e ao estrés térmico.

O gandeiro ten que centrarse en híbridos desenvolto especificamente para ensilado. En KWS enfocámonos moito en mellorar xeneticamente os híbridos e as principais características que buscamos son: moita produción de materia seca, que esa materia seca sexa dixestible, e unha achega moi importante de gran de maior tamaño, para que o *cracker* poida procesalo e o seu amido poida ser aproveitado.

Se continúa a tendencia climatolóxica actual, procede empezar a pensar na instalación de sistemas de rega?

Empezamos a enfrontarnos, cada vez máis, a anos con estrés hídrico en determinados momentos do cultivo. Unha rega complementaria sería moi interesante, pero tamén hai que considerar diversas prácticas agronómicas. Neste sentido, creo que é moi adecuado o ma-

nexo da densidade. Nesas zonas nas que teñamos risco de seca no período crítico, ao redor da floración, é aconsellable reducir un pouco a densidade de planta para permitir que o cultivo estea en condicións máis confortables e que non haxa moita penalización no rendimento.



ALONSO LÓPEZ
Delagro

Cales son os consellos básicos de fertilización para o millo?

A famosa V: 250 unidades de N, 100 de P e 300 de K. No caso do potasio, a aplicación de recursos orgánicos propios cobre gran parte da demanda. A recomendación pódese modificar en función da fertilidade da parcela e das producións esperadas. O millo, polos seus altos rendementos, necesita unha gran fertilización; no entanto, a máis importante é a nitróxena, por ser esta un factor de produción.

Como saber que carencias ten o cultivo e fertilizar en consecuencia?

Unha gran virtude do millo é a forma moi rápida que ten de demostrar as carencias e as condicións de estrés ás que está sometido. Se son condicións derivadas do clima, a subministración de fertilizantes foliares é unha práctica a ter en conta; se sabemos que a parcela ten mal drenaxe ou é dunha textura moi pesada, aplicar fertilizantes *starter* en sementeira é de gran valía, e se a carencia é de fertilidade do chan, unha analítica é fundamental para corrixila e, en casos extremos, ver se a parcela ten a aptitude necesaria para o cultivo.



BEATRIZ VÁZQUEZ
RAGT

Que obxectivos perseguen os gandeiros co cultivo de millo para a alimentación dos seus animais?

O millo úsase como forraxe pola súa alta capacidade de produción de MS/ha. É, ademais, un produto de alta palatabilidade, que pode almacenarse directamente tras a colleita e que resulta un cultivo barato e sinxelo, o cal reduce os custos da ración.

Que tipo de variedades aconsella utilizar?

Hai que buscar variedades que rendan as máximas toneladas de MS/ha coa maior dixestibilidade posible, é dicir, híbridos que produzan moita cantidade de gran, que teñan un excelente *stay-green* e sanidade de planta e, ademais, que o fagan dunha maneira estable e segura. O cambio climático aféctalle á agricultura de maneira global, polo que a estratexia é conseguir e proporcionar variedades máis tolerantes á seca, utilizando a mellora xenética.

Cal é a época idónea para a sementeira?

Máis que de época, creo que se debería falar de momento de sementeira porque, desgraciadamente, non podemos elixir cando sementar, senón que debemos adaptarnos ás condicións meteorolóxicas (temperatura e precipitacións), que poden dificultar o laboreo e a nacemento. A temperatura de chan a partir da cal non debería haber problemas de xerminación vai desde os 10 ata os 12 °C. Hai que ter presente que as máximas producións se dan cando a planta aproveita ao máximo o seu período de crecemento e capta a maior radiación posible, é dicir, cando os días

máis longos coinciden coa maior superficie foliar.

Se continúa a tendencia climatolóxica actual, procede empezar a pensar na instalación de sistemas de rega?

As secas son fenómenos cada vez máis presentes nas nosas rutinas de cultivo e cada vez resulta máis importante chegar dúas ou tres regas de apoio durante o cultivo de millo. Os sistemas de rega por goteo non necesitan grandes investimentos, sempre que o abastecemento de auga estea garantido. Teríanse que construír balsas que poderían encherse con auga de choiva. Habería que calcular os custos, pero con eses dous ou tres puntos de auga en momentos clave do desenvolvemento da planta podería aumentarse a colleita nun 25 %.

Que alternativas existen para facerlles fronte aos ataques da fauna salvaxe?

Actualmente, a alternativa máis popular é o sorgo. Trátase dun cereal parecido ao millo co que ata a data, en lugares onde se cultivou, se viron reducidos os ataques por fauna salvaxe de maneira concluínte.



EMILIO LEMOS
Soaga

Cales son os consellos básicos de fertilización para o millo?

Non hai ningunha recomendación que se poida achegar sen facer, de vez en cando, unha análise previa do terreo para saber os niveis de fertilización que ten a parcela e actuar en consecuencia. Nos últimos anos, e cada vez máis, as normativas de utilización de fertilizantes son máis restritivas e non se debe fertilizar de

calquera maneira, como se cadra se podía facer antes.

Hai algunha fertilización que se deba facer en todos os casos?

Na cornixa cantábrica son habituais os chans acedos e corrixilos é unha necesidade xeneralizada na inmensa maioría dos terreos. Coa práctica do encalado axudaremos á absorción dos nutrientes por parte das plantas e optimizaremos os recursos propios das explotacións, os xurros.



HENRIQUE TEIXEIRA
Mas Seeds

Que obxectivos perseguen os gandeiros co cultivo de millo para a alimentación dos seus animais?

O que buscan é forraxe en cantidade para poder alimentar as súas vacas durante todo o inverno e da calidade necesitada, que será distinta en función da dieta que o gandeiro practique na súa explotación. Pode ser un millo que teña máis amidón se na explotación hai fontes de herba e fibra ou pode ser un millo máis equilibrado se a explotación é máis intensiva e hai pouca superficie para conseguir forraxes.

Que produción mínima por hectárea se debe conseguir para que o millo sexa un cultivo rendible?

Coñecendo os gastos medios de produción por hectárea e o prezo ao que se pode comprar ou vender unha tonelada de millo silo, eu considero que a rendibilidade está a partir de 13-14 t de MS/ha. Se consegues estes niveis oito anos de cada dez, o millo é rendible.

Que tipo de variedades aconsella utilizar?

Nós aconsellamos variedades con bo vigor de nacemento para que o millo creza rapidamente e cubra canto antes o suco, xa que nos están quitando moitas solucións fitosanitarias á hora de sementar e isto vaille a axudar a loitar contra os parasitos e a cubrir a herba. Tamén recomendamos variedades que teñan un bo *stay-green* ao final, que acheguen flexibilidade á hora de cultivar.

Existen xa variedades adaptadas ao novo contexto edafoclimático?

En Mas Seeds estamos desenvolvendo un proxecto de investigación e nestes próximos anos imos enriquecer o noso catálogo con novidades que van ser tolerantes ao cambio climático. Trátase dunhas liñas xenéticas que aguantan moito máis o estrés hídrico.

Cal é a época idónea para a sementeira?

A época idónea, depende. Necesitamos unha temperatura de chan onde coloquemos a semente a 4 cm da superficie de 10 °C e outro criterio a ter en conta son as temperaturas que imos ter nos 15-20 días seguintes, porque o millo non pode tardar máis de 18-19 días no chan; en caso contrario, corremos demasiado risco de que o trade ou outros parasitos veñan afectar a boa nacemento.

A partir do 20 de abril, se cumprimos estes requisitos, é boa data. A época de sementeira pódese estender ata os primeiros días de xullo, pero sempre adaptando o ciclo.

Se continúa a tendencia climatolóxica actual, procede empezar a pensar na instalación de sistemas de rega?

Si. Eu son francés e na zona noroeste de Francia, onde temos as mesmas características agroclimáticas que na cornixa, desde hai xa 25 ou 30 anos os gandeiros fixeron charcas e coa auga que cae no inverno conseguiron ter auga artificial, que si se pode aproveitar. A rega no millo forraxeiro é unha ferramenta moi importante, que che garante cantidade e calidade.

Que alternativas existen para facerlles fronte aos ataques da fauna salvaxe?

Hoxe en día non hai moitas solucións cuxa efectividade estea comprobada e que se poidan aplicar no ámbito industrial. No entanto, hai solucións agronómicas, coma o vigor de nacemento. »



ANA CALMARZA
Procace Semillas

Que obxectivos perseguen os gandeiros co cultivo de millo para a alimentación dos seus animais?

Conseguir a máxima produción de silo para o alimento de todo o ano da gandería e non ter que recorrer á compra doutros produtos no mercado, xa que este millo supón a metade da alimentación dos animais. Tamén se persegue unha boa calidade, a cal se basea na materia enerxética obtida a través do amidón e a proteína do gran e da fibra que sae da planta verde. Outro obxectivo a apuntar sería a alta conservación do produto unha vez ensilado.

Que produción mínima por hectárea se debe conseguir para que o millo sexa un cultivo rendible?

A rendibilidade do cultivo depende de moitos factores, xa que non é o mesmo a produción mínima nun regadío que nun secaño, onde a auga non ten custo. No caso de Galicia, a maioría das hectáreas cultívanse en secaño e en terras pesadas que aguantan ben a humidade, onde non é difícil conseguir producións de 40.000-50.000 kg/ha. A rendibilidade estaría en conseguir producir por baixo do custo de ter que comprar esa forraxe no mercado. Segundo o cálculo de custos que temos, o gandeiro debería producir un mínimo de 25-30 t/ha.

Que criterios se deben ter en conta á hora de escoller un determinado ciclo de millo para evitar problemas de recollida?

Dependendo da data de sementeira e do tipo de chan, pódese usar un ciclo ou outro. Cando a data se achega ao 15 de abril, a zona está situada máis

preto do litoral e en terras máis gravosas, adóitase usar un ciclo máis longo; pola contra, a maior altitude, con datas de sementeira cara ao 15 de maio e en terras máis arxilasas, deberemos usar un ciclo máis curto.

Que tipo de variedades aconsella utilizar?

Aconséllase utilizar variedades con alto contido en amidón e en proteína no gran e con bo *stay-green* para obter unha boa fibra da planta verde e así conseguir palatabilidade e dixestibilidade. As variedades vanse adaptando ás características do chan, tanto se hai achega de materia orgánica coma se non, e ao aumento da temperatura grazas ao bo *stay-green* que teñen, que fai que aguante máis a planta verde para conseguir maior sanidade vexetal.

Se continúa a tendencia climatolóxica actual, procede empezar a pensar na instalación de sistemas de rega?

O clima é un factor que nos ditamina a produción, xa que está instaurado en todo o desenvolvemento do cultivo. Cos sistemas de rega poderíamos controlar parcialmente ese clima, xa que as necesidades hídricas do millo quedarían liquidadas en gran parte. Quero engadir tamén que os sistemas de rega implican un investimento moi forte, que nos levaría a aumentar o gasto da nosa explotación.



FERNANDO GARRACHÓN
Euralis

Que obxectivos perseguen os gandeiros co cultivo de millo para a alimentación dos seus animais?

O gandeiro de vacún de leite sementa forraxes na súa base territorial porque son claves na eficiencia alimenticia e

enerxética dos ruminantes. Dentro das forraxes, o millo xoga un papel fundamental ao ser o alimento de maior proporción en volume da ración e cun custo por unidade de enerxía máis económico. O gandeiro busca rendibilidade e, no posible, ser autosuficiente, producindo el mesmo parte do alimento do seu gando.

Que produción mínima por hectárea se debe conseguir para que o millo sexa un cultivo rendible?

O custo dun silo de millo viranos definido polo gasto de produción e polo volume producido, pero cada explotación, e máis en Galicia, ten uns gastos de maquinaria, de servizos e de desprazamentos que fan difícil dar unha cifra de referencia. Canto á cantidade, ao atoparnos cun cultivo producido maioritariamente sen subministración de auga de rega, a variabilidade interanual é enorme.

Tamén debemos valorar que, se non producimos silo de millo, teremos unha maior dependencia doutros produtos que si adoitan ter unha maior volatilidade. Por tanto, un millo de 10-12 t de MS/ha, que pode facernos pensar se é rendible, cunha situación de prezos altos da soia ou da farinha de millo, pode ser máis rendible que un millo de 12-15 t. É por isto que, se valoramos a necesidade do produto e a menor dependencia do exterior, salvo en casos moi severos, debemos seguir sementando millo.

Cal é a época idónea para a sementeira?

Hai dous factores importantes á hora de realizar a sementeira: a temperatura do chan e a humidade ao redor da semente. Dependendo de cando a realicemos, como primeiro cultivo ou tras un ou dous cortes de raigrás, as condicións de temperatura do chan serán claramente diferentes.

Cando facemos unha sementeira de millo sen cultivo previo de pradeira, a temperatura é clave, pois temperaturas do chan inferiores a 10 °C retardan seriamente a nacemento, pondo a semente ao alcance de numerosos depredadores. En cambio, se a temperatura do chan se atopa por riba dos 14-15 °C, a plántula emerxe máis rápido, con grande enerxía e vigor. A experiencia dinos que unha sementeira desde finais de abril ata primeiros de maio adoita resultar acertada. A previsión do tempo a 8-10 días axudaranos a concretar esta data.

Cando sementamos detrás de pradeira, a temperatura xa a temos, así que ►

Fertilizantes con futuro

Fertiberia
TECH

NERGETIC DYNAMIC



Nutrientes
protegidos

INTERGAL ESPAÑOLA, S.A.

Torre Espacio - Pº de la Castellana 259 D, planta 47
28046 MADRID
ESPAÑA

APP: Fertiberia TECH



App Store



Google play

www.tech.fertiberia.com



do que nos temos que preocupar é de facer unha rápida e correcta preparación do terreo, que nos permita situar a semente a unha profundidade adecuada, en estreito contacto semente-terra e nunha contorna da semente con suficiente humidade.

Se continúa a tendencia climatolóxica actual, procede empezar a pensar na instalación de sistemas de rega?

Na miña opinión si, pero con matices. Creo que unha parcela de millo en Galicia, excepto en zonas moi puntuais, non precisa dunha subministración continuada de auga de rega. A clave radicarán en axudarnos dunha serie achegas puntuais, pero suficientes, nos momentos de máxima necesidade do cultivo, que nos permitan asegurar ou incrementar a produción final das nosas parcelas de millo.



TOMÁS PÉREZ
Koipesol

Que produción mínima por hectárea se debe conseguir para que o millo sexa un cultivo rendible?

É moi difícil calculalo. O gandeiro é o que ten que botar as súas contas, pero hai producións desde 25 ata 70 toneladas; hainas máis rendibles que outras. Igual un agricultor con 25 t é moi rendible e outro con 50 non o é tanto. Todo depende dos custos, pero eu creo que unha produción ao redor de 30 t xa comeza a ser moi rendible.

Que criterios se deben ter en conta á hora de escoller un determinado ciclo de millo para evitar problemas de recollida?

Os criterios principais son cando vou sementar e cando o quero recoller. Os millos témolos catalogados por días,

entón é moi fácil saber cando vou sementar, os días que ten o ciclo e cando quero recoller. O que si é verdade é que todos estes anos fomos alongando os ciclos, porque cada vez que o gandeiro proba un un pouquiño máis longo e chega á madurez perfectamente, entón gústalle ter máis produción, pero a climatoloxía é a climatoloxía e hai veces que nos pon no noso sitio.

Existen xa variedades adaptadas ao novo contexto edafoclimático?

En Koipesol xa temos variedades que, en condicións normais de rega, producen bastante, ou sexa, producen como calquera outra variedade, pero cando hai déficit ou estrés hídrico, compórtanse perfectamente e non baixan a produción de maneira excesiva; no noso catálogo temos tres variedades: dun ciclo 400, dun ciclo 300 e dun ciclo 280.

Cal é a época idónea para a sementeira?

A época idónea é cando as condicións de temperatura e humidade están no terreo, pero en Galicia esta época vén determinada polo raigrás. Depende o que se faga con este cultivo, se se dá un corte ou dous, pero, por exemplo, a partir do 15 de abril e ata mediados de xuño pódese sementar.

Se continúa a tendencia climatolóxica actual, procede empezar a pensar na instalación de sistemas de rega?

Eu creo que é primordial, porque o cambio climático está aquí e está para quedar, por tanto, a Xunta de Galicia debería promover un plan de rega e achegar subvencións para que os pioneiros empecen a facer parcelas de rega. Para iso ten que “mollarse” a Xunta, apoiar o gandeiro en sistemas de regadío, que eu creo que en tres ou catro anos será prioritario en moitas zonas de Galicia.

Que alternativas existen para facerlles fronte aos ataques da fauna salvaxe?

No que respecta aos paxaros existen tratamentos de sementes. No que se refire ao xabaril, nós, que somos unha empresa cuxa principal venda de sementes é a de xirasol, temos un remedio un pouco caseiro, que é sementar todo o bordo da parcela de xirasol, xa que, unha vez implantado, o animal xa non o atravesará.

AS RECOMENDACIÓNS DOS TÉCNICOS EN PORTUGAL



MANUEL FERREIRA
Dekalb

Que obxectivos perseguen os gandeiros co cultivo do millo para a alimentación dos seus animais?

O cultivo do millo é a forma máis barata de producir enerxía, pero o obxectivo de Dekalb tamén é aproveitar moi ben as fibras. É moi importante a estabilidade e creo que é unha forma moi barata de producir alimentos dun modo eficiente.

Que produción mínima por hectárea se debe conseguir para que o millo sexa un cultivo rendible?

É unha pregunta difícil, porque estamos nun sistema de minifundio e avaliar a rendibilidade é moi complicado, pero, como mínimo, eu creo que serán preto de 30-40 t/ha. Penso que temos posibilidades, estamos nunha zona moi forte, moi favorable para a sementeira do millo; aquí con ciclos máis longos obtéñense producións medias moi por riba da media das 50 t/ha.

Que criterios se deben ter en conta á hora de escoller un determinado ciclo de millo para evitar problemas de recollida?

Pensar antes de sementar o millo e escoller o ciclo máis adecuado para unha boa previsión da colleita. Os ciclos longos sempre teñen o problema de non conseguir colleitas en condicións óptimas, co contido de materia seca entre o 30 e o 35 %. Na miña opinión, o mellor é reducir os ciclos co fin de facelos máis curtos para a colleita e, se se levan a cabo en certas condicións meteorolóxicas (humidade ou vento), teremos que ter moito coidado no ensilado e na súa

conservación. En Dekalb recomendamos ciclos curtos de 300 a 600, pero, como é unha zona de minifundios, as condicións son heteroxéneas.

Cal é a época idónea para a sementeira?

A finais de abril ou mellor, en condicións normais, na primeira e na segunda semana de maio. Eu recomendo tamén que os ciclos han de ser sementados dunha forma moi precoz para aproveitar o máximo do seu potencial. Deste xeito conséguese un bo millo para silo, aquel que cando o vas recoller ten madureza de gran, bo *stay-green* e unha boa relación de materia seca. É moi importante ter en conta que cos pequenos detalles se gaña diñeiro e cómpre prestarlle máis atención á variedade que teña máis dixestibilidade.

En resumo, o importante é elixir ben a variedade e facer sementeiras moi tranquilas, de maneira que a colleita sexa homoxénea, tanto en profundidade coma entre plantas, ter coidado cos herbicidas, selecciónalos ben e, o que teña oportunidade, facer agricultura de precisión.



MIGUEL MARQUES
Ucanorte XXI

Cales son os consellos básicos de fertilización para o millo?

O ideal sería comezar por facer unha análise química das terras e, tras ela, ver cales son os nutrientes que van estar dispoñibles para, despois, facernos cun fertilizante propio e suplir as faltas que encontremos. Tamén cómpre facer un bo encalado para corrixir o pH do solo, algo fundamental nas nosas terras, que adoitan ser ácidas; isto permitirá unha mellor absorción de nutrientes a posteriori.

Á hora de utilizar fertilizantes, nós temos unha colaboración con Delagro, que

nos permite facer as análises de terra e buscar solucións para solventar as carencias. Por tanto, podemos facer fertilizantes a medida das necesidades do terreo e, deste xeito, levamos a cabo as mesturas. En concreto, temos unha marca propia, xa deseñada cunha formulación específica para o cultivo do millo.

Como saber que carencias ten o cultivo e fertilizar en consecuencia?

No cultivo do millo hai algunhas que son moi características e extremadamente fáciles de identificar pola folla. Con todo, en casos nos que aparecen algunhas máis difíciles de detectar, recomendamos facer unha análise foliar para determinar exactamente cal é e poder despois corrixila con fertilizante específico sen alterar as outras partes da planta.



JÚLIO AMORIM
Corteva-Pioneer

Que produción mínima por hectárea se debe conseguir para que o millo sexa un cultivo rendible?

Falamos da zona de Vila do Conde e Póvoa de Varzim, é dicir, unha terra con solos moi fértiles, cun 5-8 % de contido de materia orgánica. Consequimos producións medias ao redor das 50 toneladas, ou sexa, é normal encontrarmos parcelas con producións de 70-75 t/ha con contido de MS preto do 35 %.

Que criterios se deben ter en conta á hora de escoller un determinado ciclo de millo para evitar problemas de recollida?

Cando planeamos a sementeira, debemos atender á época en que imos conseguir facela e adecuar o ciclo ao tempo que temos dispoñible. Efectivamente, o ano pasado tivemos algúns problemas coa recollida, a cal aconteceu xa no

inicio do inverno e, por tanto, algún xa caera e, ao facer a recollida, acabamos por traer algúns fungos daniños para o silo, que van dar orixe a fermentacións menos desexables e a ensilados con menor calidade e con contidos de cinza máis elevados. Á hora de escoller as variedades, se prevemos que imos facer unha sementeira un pouco máis tardía, debemos optar por ciclos un pouco máis curtos, que nos garantan unha produción interesante.

Que tipo de variedades aconsella utilizar?

Neste momento notamos unha tendencia do mercado a empregar ciclos un pouco máis curtos. Actualmente, a variedade que nós máis vendemos é do ciclo 500, o máis curto da media utilizada, algo que garante unha produción moi elevada e, por enriba de todo, ten unha característica moi interesante, un sistema radicular máis expandido có das restantes variedades, co cal consegue retirar un volume de auga do solo maior. Por tanto, con menos rega conséguese unha produción equivalente a unha variedade regada.

Cal é a época idónea para a sementeira?

Unha vez chegada a primavera, canto máis cedo consigamos sementar, producións máis interesantes teremos e con menos rega conseguiremos traballar. O ideal na nosa zona será facela a partir do 15 de abril, pois é unha época na que xa se conseguen temperaturas de solo e do aire suficientes para unha boa xerminación.

Na súa zona todo o millo forraxeiro está utilizando sistemas de rega?

Eu diría que o 95 % do millo é regado. Iso permítenos ter producións medias por hectárea moi elevadas, superiores ás doutras zonas.

Que sistemas de rega utilizan?

O máis utilizado neste momento aínda é o de aspersión, con canóns de regadura. No entanto, nos últimos 6-7 anos houbo unha conversión cara ao sistema de rega gota a gota, por ser moito máis eficiente. Con este sistema o 90 % da auga que se lle bota no millo é utilizada polas plantas, mentres que co de aspersión temos moitas perdas. ■

A top-down view of a cornucopia of corn cobs, showing the kernels and the central core. The corn is arranged in a circular pattern, with the kernels pointing outwards. The central core is visible, showing the fibrous structure. The corn is a mix of yellow and white kernels. The background is a solid color, possibly a wall or a backdrop. The lighting is bright, highlighting the texture of the kernels.

NO ES TU NECESIDAD





**TE
FELICITAMOS**



**TE
ESCUCHAMOS**



**TE
HABLAMOS**



**TE
RETAMOS**



**TE
CONQUISTAMOS**



**TE
DEMOSTRAMOS**

**ES TU
OPORTUNIDAD**



Polígono Industrial Onzonilla. C/ Valle del Silencio. Parcela 27 • 24009 León
Telf.: 987 24 76 08 • 639 832 547 (Óscar) • 671 013 625 (Fernando)
www.caussade-semences.com • info@caussadesemillas.com


caussadesemences